

Rosalía de Castro, poeta nacional galega

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2011]). “Rosalía de Castro, poeta nacional galega”. En Johannes Kabatek e Aitor Rivas (eds.), *Rosalía. Voces galegas e alemás*. Tübingen: Publikationen des Tübinger Zentrums für Galicische Studien / Centro de Estudos Galegos Tübingen, 25-35. Reedición en *poesia galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1493>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2011). “Rosalía de Castro, poeta nacional galega”. En Johannes Kabatek e Aitor Rivas (eds.), *Rosalía. Voces galegas e alemás*. Tübingen: Publikationen des Tübinger Zentrums für Galicische Studien / Centro de Estudos Galegos Tübingen, 25-35.

- * Edición dispoñíbel desde o 28 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Rosalía de Castro, poeta nacional galega

Anxo Angueira (Universidade de Vigo)

Poucas literaturas pode haber no mundo que teñan como escritor bandeira unha escritora. Fálase das letras inglesas e asoma Shakespeare, Goethe parece presidir a literatura alemá, en Italia goberna Dante, en Portugal Camões, en Rusia poida que Pushkin, España utiliza no mundo sen dubidalo a figura de Cervantes, Francia a de Victor Hugo, Occitania a de Mistral etc. etc. etc. A escolla nalgúns casos pode ser opinábel, pero sempre estamos diante de escritores, diante de homes. O caso de Rosalía e o caso da literatura galega son neste punto singulares, como moi singular é tamén a historia política e literaria de Galicia. Na época en que os nacionalismos agromaban na Europa contemporánea, Galicia edificaba ideoloxicamente o seu, máis que na procura dunhas esencias patrias na historia, na procura de dignidade; máis que na procura e afianzamento dunhas características nacionais, na transgresión ós dogmas políticos e históricos que estruturaban o edificio do estado dominador. De aí nace Rosalía e con ela todo un proxecto político asociado á liberdade nacional e tinguido desde os inicios do século XIX de pensamento crítico conectado coa Ilustración e a Revolución Francesa: liberalismo, laicismo, republicanismo, xustiza social. Con Rosalía de Castro, ademais, o proxecto tamén incorporou desde a súa xénese o feminismo.

A primeira dimensión de poeta nacional está nos seus textos. É un fito, moitas veces reiterado pero non por iso menos certo, que Rosalía de Castro, coa publicación de *Cantares Gallegos* en 1863, primeira obra escrita enteiramente en lingua galega, inauguraba o Rexurdimento pleno das letras galegas contemporáneas. Así lle foi recoñecido cando a Real

Academia Galega institúe o Día das Letras Galegas escollendo o centenario da publicación e a data que nela figura: 17 de maio. En realidade o seu libro foi auroral, pero tamén ramo dunha traxectoria que se viña cociñando desde o Padre Sarmiento. En todo caso, o significado do libro vai máis alá desa cuestión que, con ser de relevancia, non deixa de ser *formal*, instalándose no miolo da cuestión nacional e social de Galicia a través dunha vestimenta aparentemente folclórica e marxinal pero literariamente extraordinaria. E é que Rosalía utiliza a estratexia de empregar un repertorio aparentemente inocuo e literariamente marxinal para desde el, desde esa trincheira, dispara-lo seu pensamento crítico. Por iso terxiversa, corta, escolma, reorienta e mesmo inventa nos cantares populares. Porque quere utilizalos para un destino literario e político que estaba ben lonxe do folclorismo ou do costumismo.

O “Prólogo” da obra é toda unha declaración de independencia, polo menos literaria, e unha marca expresa de cómo o Rexurdimento literario vai asociado ó Rexurdimento político a través dun nó fulcral: a recuperación non dun pasado glorioso senón a recuperación da dignidade nacional arredor de tres grandes eixos nos que Galicia viña sendo humillada desde a metrópole (en política e en literatura): a terra/paisaxe, o pobo/cultura e o idioma. Escoitemos:

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoverme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquera i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que

bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a ñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que ésta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsedade con que fóra de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis despreziable e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza.

(Castro, 1990 [1863]: 66-67)

E así Rosalía de Castro institúe o imaxinario que aínda hoxe preside a concepción da paisaxe galega (e non só por parte dos galegos e galegas, proba do seu éxito) como un lugar idílico, húmido, variado, verde... E non o inferno a que nos condenaba, entre outros, o aldraxante soneto de Góngora: “Pálido sol en cielo encapotado...”. Mais elabora esta institución da paisaxe galega en oposición á paisaxe castelá, metonimia de España (fea, monótona, seca, dura...) naquel “Castellanos de Castilla”, no que, ademais, acusaba os casteláns de maltrato cara á emigración temporal galega. A paisaxe en Rosalía é, pois, unha cuestión política.

E por todo o libro son palmarios os exemplos nos que directa ou indirecta, explicitamente ou non, Rosalía defende a dignidade de Galicia e dos galegos. Da paisaxe pero tamén da cultura. O poema que se prestaba a retratar a romaría de Nosa Señora da Barca en Muxía (costumismo e folclore) é aproveitado para facer todo un alarde do repertorio de vestiario e complementos das mozas que acoden á festa. Está aí contestando o “tetas de vacas, piernas de correos” e o “traje tosco y estilo mal limado” de Góngora.

Mais o libro é máis cá defensa da dignidade da terra e do pobo galegos, incluída a dignidade literaria do noso idioma. Rosalía aproveita un cantar de despedida para pólo en boca dun emigrante para o que “a miña terra non é miña” e denunciar así a traxedia social da emigración. Como aproveita un diálogo de aparencia costumista entre unha santa e unha costureira para denunciar o clasismo de certos discursos sociais reaccionarios, coma os da Igrexa. E cando agardamos que nos describa un “costume” como o da mata e o da proba do porco, Rosalía débúxanos a radiografía social dos desposuídos, dos non propietarios.

Aínda máis. *Cantares Gallegos* é un libro solapada pero fortemente feminista, todo el protagonizado por mulleres. É unha muller quen fai o encargo de cantarlle a Galicia na lingua galega e é unha muller quen o asume. Quen asume a voz dos desposuídos, quen asume a denuncia política e social, quen asume a tarefa da dignificación. É unha muller, en definitiva, quen di abertamente “Probe Galicia non debes/ chamarte nunca española”. E aquí e acolá o libro está sementado de discurso feminista. A costureira é un símbolo de independencia económica e sexual, fronte á muller prototipo da condena á humillación que padecían moitas e que lle reza a Santo Antonio pedíndolle un home dun xeito estarrecedor: “anque me mate, anque me esfole”. As mulleres sométense á tentación, ó “pecado”, á transgresión. E aí Rosalía amóstranos nalgún poema como a maior transgresión resulta darlle a volta ós roles amorosos de home e muller na sociedade e na literatura como respectivamente suxeito e obxecto do desexo.

Se todo isto non fose pouco, Rosalía deixounos unha alfaia de poesía experimental na súa composición final: a “Alborada”. Nela, coñecedora de que co seu libro e naquel tempo estaba asistindo a unha nova etapa na Historia de Galicia, Rosalía lánzalle ás mociñas e á mocidade, lánzanos a

todos, a mensaxe patriótica de nos erguer con ilusión porque a noite xa pasou e comeza o albor dun novo día, dun novo tempo.

Con este poemario Rosalía xa sería para sempre poeta nacional galega. Mais posteriormente, nos anos tristes da Primeira Restauración Borbónica, co seu *Follas Novas* (1880), aínda que nalgúns aspectos continuador dos *Cantares*, veu engadir novos horizontes e perspectivas. É unha obra que cómpre ubicar naquel período de frustración de moitos sectores progresistas antes citado. A restauración abolía o matrimonio civil, enriquecía unhas elites e oligarquías. Era a restauración da corrupción, a da intensificación do empobrecemento e colonización de Galicia. *Follas Novas*, sintomaticamente editada coa axuda do carto emigrante, é a resposta á Restauración. E a presenza de Galicia mestúrase cunha nova voz, linguaxe nova, a voz máis estarrecedora e esgazadora da lírica europea da súa época. Continúa presente a Galicia das campás que nos deixou Rosalía para sempre (campanas de Bastavales, campaniñas timbradoiras da igrexiña do lugar, campanarios e campanas...) pero agora retumban doutro xeito, maxestático, con saudade xélida na *Catedral* (“O toque de alba”). A Galicia das campás e dos santos, pero laica. Rosalía xa era na altura que publica *Follas Novas* (1880) intensamente odiada pola igrexa, como odiado pola igrexa era o noso Rexurdimento, ese remuíño de liberdade e orgullo xa imparábel que nunca tivo a beizón católica, nin falta que lle fixo. E este odio non é de estrañar diante de poemas coma o de “De balde”.

A Galicia de *Follas Novas* brilla co seu idioma no universo poético europeo, porque a Galicia de Rosalía non se mira o embigo, Rosalía coñece de primeira man a literatura e o pensamento do seu tempo, os máis vangardistas. Ollemos as citas de *La hija del Mar* e da pouca correspondencia que lle coñecemos: Sand, Poe, Hugo, Goethe, Byron, Ossian... Xa o fixera cos *Cantares*, pero agora dun xeito máis aberto, fai

rebentar un lirismo nunca visto, o da negra sombra, o das soidás, o da estranxeiría, que aínda hoxe vibra e nos tensiona, e afaga, afoga, pónonos presos en fondas arquitecturas poéticas de tebras e de lóstregos. E Rosalía, que se fartou de toca-la corda popular, que manexou coma ninguén a íntima, regálanos por veces a música sublime. E Galicia e o galego voan ás Illas da Bretaña de Sir John Moore ou ó Portugal de Camoens e da Castro, asumindo a nosa autora, con tódalas consecuencias, a voz nacional que xa representaba.

A Galicia de *Follas Novas* volve se-la Galicia das mulleres, desde as liñas insuperábeis do prólogo, a aquela velliña que se fai a xorda para poder comer e beber e quentarse na montaña; desde a muller de “Miña casiña, meu lar”, ás viúvas de vivos e mortos que Rosalía chantou na nosa paisaxe literaria para sempre e cuxo drama puxo á beira —Rosalía era unha poeta culta, ¿hai que repetilo?— da inmortal Penélope, (“Tecín soia a miña tea”), fio imprescindible que van retomar as poetas do XX, desde Xohana Torres ás máis novas. Ensínanos, pois, a outra cara da traxedia da emigración, que na segunda metade do XIX, grazas á Restauración, levou de Galicia medio millón de persoas. O reverso, as mulleres e os nenos abandonados. E unha muller é a que apaña o fouciño para cortarlle o pescozo ós que teñen fama de honrados na vila, unha muller collendo a xustiza pola man, verdadeiro camiño de combate. A Galicia de Rosalía de Castro non é chorona nin resignada, é rebelde e combativa. Rosalía desafia a sociedade tradicional e as súas institucións, incluído o matrimonio, desde a súa invariábel óptica crítica.

É capítulo merecente de reflexión aquel que capitaliza *En las orillas del Sar* (1884), a súa derradeira obra poética. Escrita en castelán, é obra de inexcusable lectura para entende-la nosa autora. Como tamén o é *La flor* (1857), o seu poemario de mocidade. Nas dúas obras latexan principios e

nós poéticos comúns. Pero sobre todo o seu derradeiro libro, fóra das explicacións que afectan á lingua en que foi escrito, volve ser un canto nacional a Galicia en varias das súas composicións, especialmente en “Los robles”. Ou nestes versos:

...y yo no quiero que mi patria muera,
sino que como Lázaro, ¡Dios bueno!,
resucite a la vida que ha perdido;
y con voz alta que a la gloria llegue,
le diga al mundo que Galicia existe

(Castro, 1997 [1884]: 100)

Foi ela nos seus textos, sen dúbida, pois, poeta nacional de Galicia. E ningunha outra personalidade foi e é tan asumida como súa polo pobo galego. Rosalía de Castro resulta, co seu capital simbólico acumulado, xeración tras xeración, un referente nacional, tanto para os propios coma para os estraños, tanto dentro coma lonxe de Galicia. Ningunha outra figura literaria ou cultural ou política ou o que for xerou tantas páxinas, tantas imaxes, tanta música ou tanta arte en xeral coma Rosalía de Castro. A partir do mesmo día da súa morte, unha morte na soidade e na pobreza. Mais os atributos e o debuxo dos seus perfís foron variando ó longo da historia, como variaron e evoluíron as revisións estéticas e políticas do proxecto que ela mesma encabezou.

Foi a súa condición de muller a que sen dúbida escorou os primeiros tratamentos recibidos cara ós inofensivos e sexistas “rula” e “pombiña” que tantos e tantos autores gastaron durante décadas, obviando a radicalidade, así literaria como social e política, da nosa autora. En realidade Rosalía era a tola, a estrafalaria, a irreverente, a non católica (a católica en tódolos sentidos era Emilia Pardo Bazán). E era desde logo tamén a pobre, a non

propietaria. Así, como todo o Rexurdimento galego, foi acosada polos poderes fácticos. A súa morte comezou a erguela ó limbo dos grandes da patria, mais poucos poemas, coma o de Curros Enríquez, un fillo leal, recollen precisamente esta condición de “comesta dos lobos” (dos lobos da terra e dos lobos do ceo, como dicía o de Celanova), esta condición de tola, de rebelde, de soa. No fondo, de libre:

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vira tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!
A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...
Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

(Curros Enríquez, 2008 [1891]: 119)

A canonización máis evidente produciuse no traslado dos seus restos desde o cemiterio da Adina en Iria (o que ela máis amaba de todos) a Bonaval. Foi esta unha canonización non católica, desde logo. Procedente do rexionalismo, do movemento político galeguista —liderado precisamente por Manuel Murguía, o seu home—, resultou unha clara canonización de índole política. Mais esta canonización probabelmente lle custou á nosa

figura unha inicial e custosa peaxe. O rexionalismo primeiro e logo o nacionalismo, social e politicamente febles e, en certos aspectos, tamén conservadores, elevaron ós precarios altares da institucionalización unha Rosalía santa e nai. E así funcionou ou se quixo que funcionase, como nai, *mater* protectora, como santiña dos altares do pobo; perfís doces, formas consabidas e redondas. Probabelmente fosen estes roles, o de nai e o de santa, os que máis prexudicaron a súa figura, tanto na súa dimensión literaria como na política, ó desactivaren todo o potencial transgresor e revolucionario da súa obra. E probabelmente fosen tamén estes roles os que máis perviviron no imaxinario conservador. Quizais tamén porque toda canonización literaria ten o perigo de converterse en santificación. E velaí o paradoxo de ser considerada nai e santa unha escritora cuxa vida e cuxa obra foron continuos posicionamentos que sempre desmentiron semellantes lousas ideolóxicas, unha escritora aberta e declaradamente feminista, contraria de raíz a eses papeis impostos polo patriarcado, que condenaban a muller á submisión, como en tantos e tantos textos demostrou, encarándose cos usos e costumes, coa tradición, coa relixión, coa política vixente, co cancionero popular galego alí onde este era reaccionario.

O fascismo no 36 mandou o galeguismo, a literatura galega e Rosalía ó exilio. Non podía fusilala ou asasinala nas cunetas. Nos anos cincuenta a xeración de Galaxia, especialmente Ramón Piñeiro, co novo xiro político deste galeguismo denominado culturalista, volve sobre a figura de Rosalía de Castro, tornándose bandeira. Arredor da poeta intimista, da poeta da sombra, da soidade, da dor e da angustia, do cravo, escúltese unha nova Rosalía nacional, agora moi desvinculada de *Cantares Gallegos* e do *folklore*, xa non digamos do social e do político. É a Rosalía Heidegger, a Rosalía profunda, metafísica, filosófica, existencial, a Rosalía da saudade.

O éxito desta nova Rosalía, aínda que notábel, axiña foi contestado. Ó tempo que, como se dixo, a Academia Galega, aproveita o centenario de *Cantares Gallegos* para promover a celebración do Día das Letras Galegas, de formidábel repercusión xa en pleno franquismo, a esquerda nacionalista organizase politicamente (PSG e UPG). Vaise fraguando nesta e na seguinte década unha revisión a fondo de Rosalía de Castro, unha revisión que pon de relevo a escritora patriótica e social, a que denuncia o trato recibido polos galegos en Castela, a que retrata a traxedia da emigración, a revolucionaria de “A xusticia pola man”, a Rosalía dos oprimidos, do pobo oprimido. E axiña tamén comeza a se fraguar outra decisiva revisión, a que desvela, con todo o seu vigor, a muller escritora, a Rosalía feminista, o fio que conduce á explosión contemporánea da escrita de mulleres. Estas revisións callarán definitivamente nos anos oitenta, especialmente arredor do Congreso Internacional “Rosalía de Castro e o seu tempo”, celebrado no centenario da morte da autora en 1985, e cuxas actas son ben elocuentes destas novas olladas. Desde entón, Rosalía ensancha e medra cara a tódolos ámbitos ó tempo que se esnaquiza unha e outra vez a imaxe da “valente choromiqueira” que Curros puxera en boca de Emilia Pardo Bazán e que aínda utilizan os seus inimigos. Rosalía enche páxinas, estudos, poemas, poemarios enterios. Das máis novas ás vellas xeracións. Pero Rosalía non se esgota.

Que Galicia teña como “pai da patria” unha muller xa é ben significativo da súa orixinalidade e de que todo o proceso iniciado no Rexurdimento está aliado coa transformación e mesmo coa subversión. No fondo, e a pesar de todo o dito aquí sobre as visións de Rosalía, creo que é esa a idea xeral que manexa o pobo galego cando para darlle nome a unha escola, a unha rúa, a un grupo folclórico, a unha sociedade de emigrantes, a unha publicación, escolle o nome de Rosalía de Castro.

Referencias bibliográficas

CASTRO, Rosalía de (1990): *Cantares Gallegos*, ed. Xavier R. Baixeras. Vigo: Xerais. [1863]

CASTRO, Rosalía de (1997): *En las orillas del Sar*, ed. Xesús Alonso Montero. Madrid: Cátedra. [1884]

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (2008): *Antoloxía: doce poemas*, ed. Xesús Alonso Montero. Celanova: Fundación Curros Enríquez. [1891]